



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

AULA DA NATUREZA DE CABO UDRA

○ Concello de Bueu conta, dende o ano 2008, coa **Aula da Natureza** de Cabo Udra localizada no espazo protexido de Cabo Udra, pertencente á REDE NATURA 2000, enclave privilexiado da costa morracense e cunha biodiversidade que o convirte nun espazo único.

Esta innovadora edificación, permite ao Concello contar cun espazo de interpretación natural, podendo resaltar os valores biolóxicos do espazo protexido de Cabo Udra, así como promocionar e desenvolver programas e actividades de educación ambiental dentro da REDE NATURA 2000,

○ proxecto para a creación da Aula da Natureza nace a finais do ano 2003 cando mediante a suscripción dun convenio de colaboración entre o Concello de Bueu e a Comunidade de Montes de Beluso comezou a tomar forma.

FINANCIACIÓN

○ proxecto contou cun orzamento cercao aos 500.000 €, procedentes case na súa totalidade dos fondos Proder II da Unión Europea; o Concello de Bueu aportou de fondos propios un 7% da mesma. A Fundación Comarcal do Morrazo, o AGADER, o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, tamén merecen unha mención especial na consecución de dito orzamento.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 . Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

O
B
X
E
C
T
I
V
O

○ obxectivo deste proxecto é o aproveitamento do espazo protexido de Cabo Udra como punto de esparcemento social, cultural e ambiental, rehabilitando e reconstruindo os antigos barracóns militares mediante técnicas de bioconstrucción e uso de enerxías limpas.

A situación das estruturas recuperadas e o entorno na súa totalidade, posibilitan o desenvolvemento dun proxecto arquitectónico e medioambiental de extraordinarias características para o aproveitamento lúdico e cultural.

Procurouse dende o primeiro momento, ser coherente coa perspectiva ambiental, tanto no uso e xestión dos recursos, como nos tipos de materiais de construción , no uso, xeración e tratamento de residuos, e na redución de contaminantes e na aplicación de sistemas de aforro e eficiencia enerxéticas.

A imaxe corporativa da Aula da Natureza é obra do ilustrador e deseñador gráfico Luis Davila. O logotipo foi concebido partindo da necesidade de conxugar o uso das cores azul, amarelo, verde e gris que representan os aspectos máis destacados do contorno natural (o mar, a fauna, a vexetación e a presenza rocosa).

Por este motivo, Luis Davila, deseñou como mascota un lagarto arnau (moi común nesa zona) vital, afable e enerxético que invita a visitar e respetar os valores naturais do contorno de Cabo Udra.

LOGOTIPO

E

MASCOTA





Rúa Ed.ardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J



A Aula da Natureza érguese ao pé do monte do Castro no que se situaba o antigo poboado castrexo no espazo que ocuparan en tempos as baterías militares. Trátase dun dos poucos centros de interpretación galardoados en Galicia co distintivo de Bandeira Azul, un emblema que avala o seu labor a prol da educación ambiental sobre os ecosistemas litorais e o desenvolvemento sostible. Ademáis de continuas actividades e exposicións temporais, a Aula acolle unha mostra permanente sobre os valores ecolóxicos e etnográficos do espazo natural de Cabo Udra e constitúe, asemade, un exemplo de utilización das enerxías limpas e renovables xa que o centro aliméntase a través dun aeroxerador e mediante paneis térmicos e fotovoltaicos.

A Aula conta cunha serie de elementos que lograrán o enriquecemento de todos gracias aos diferentes aspectos que se unen nun mesmo lugar cuxo único obxectivo é lograr crear un espazo onde redescubrir os recursos naturais e culturais, tanto mariños como terrestres de Cabo Udra.






Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P36004003

ELEMENTOS DE DINAMIZACIÓN E INTERPRETACIÓN AMBIENTAL

PANEIS DIVULGATIVOS

Hai nove paneis divulgativos do patrimonio natural e cultural da zona:

- Olo que pico! Un xardín de toxos.
- Quén vive aí? Todos nós!
- Vexo, vexo! Un balcón de bolos.
- Glu, glu, glu! Onde están as sereas?
- O polbo dos polbos.
- Rico, rico! Qué comemos hoxe?
- Bota lastre! Que hoxe pican!
- Salgado! A receita máxica.
- A miña casa! Vés de visita?





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J



XOGO INTERACTIVO. Baseado no tradicional Xogo da Oca atopamos un xogo interactivo de vinilo dun dado de espuma, un caixón de area da Búsqueda do Tesouro e puffs de material reciclado.



QUEBRACABEZAS XIRATORIO VERTICAL

Este quebracabezas representa os tres tipos de cefalópodos máis representativos das Rías Baixas: o choco, a lura e o polbo.



ARTES DE PESCA

Buscando representar as principais artes de pesca da zona instaláronse tipos de redes e paños máis comúns, artes de marisqueo, tipos de boias de superficie e de profundidade, nasas, un pandullo e un buitrón.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

REPRESENTACIÓNS TRIDIMENSIONAIS DO FONDO MARIÑO A través de telas, material reciclado e caixas escuras feitas con nasas, represéntanse os tres principais grupos de algas segundo a súa distribución real no mar.



REPRESENTACIÓNS BIDIMENSIONAIS DE AVES MARIÑAS Representan aves que se poden localizar fácilmente dende puntos estratéxicos de Cabo Udra e dende as praias: a gaivota chorona, a faivota patiamarela e o carrán cristado.



VÍDEO DIVULGATIVO sobre recursos mariños e terrestres.